

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 29 DE XUÑO DE 2017

Comprobada a existencia de quórum, as 09:45h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Escusan a súa asistencia Miguel Muñoz Cantero, Ignacio Colominas Ezponda, Xurxo Dopico Calvo, Susana Ladra González, Laura M^a Castro Souto, José Luís Calvo Rolle, María Luísa Sánchez Simón, Armando José Yáñez Casal, Fernando Agrasar Quiroga, Ignacio Delgado Ferreiro, José María Sánchez Santos e Carmen Boo Rivas.

ORDE DO DÍA**1. Informe do Reitor**

Toma a palabra o **reitor** para dar conta da reunión do Consello Galego de Universidades, que tivo lugar o 13 de xuño, na que se tratou o informe sobre Decreto de taxas universitarias que, como os últimos anos, van seguir conxeladas e no nivel máis baixo dentro do permitido polo RD-Lei Wert. A UDC votou a favor pedindo que, en canto sexa posible, tamén se rebaixen os prezos dos mestrados oficiais non profesionalizantes e que se articule un programa de bolsas máis ambicioso. A posición da UDC contrastou coa demanda das outras universidades de incrementar as taxas. Nesa mesma reunión, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria informou sobre a sentenza do PFSUG favorable á UDC.

Precisamente sobre esta sentenza, o reitor anunciou un acordo coa Xunta para a súa execución. Realizados os novos cálculos pola UDC, corresponderíannos, como máximo, 5,2 M€ para o período 2012-2015. O recálculo feito pola Xunta dábanos, inicialmente, só 1,6 M€. Logo de diversas reunións, o acordo acadado é o seguinte:

- 4,2 M€ para o período 2012-2015, como financiamento suplementario (isto é, que non vai afectar ás outras dúas universidades).
- Para o PFSUG vixente, á vista dos resultados dunha auditoría encargada pola Xunta que concluíu que a UDC era a única universidade que presentou correctamente os seus datos, procédese a unha corrección do fondo estrutural para 2017 de 1,3 M€ ao que hai que engadir 1,8 M€. En total, 3,1 M€ mais para 2017 que se consolidará para os seguintes exercicios.

Informou tamén da desestimación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza da demanda formulada pola Fundación María José Jove contra a UDC e da última sentenza pendente dos recursos formulados contra a CEPREA que confirma plenamente a legalidade da reestruturación de centros e departamentos na UDC.

A seguir, cedeulle a palabra ao **vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia**, que informou dos asuntos seguintes:

Novos membros Comité de Ética: A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, propuxo un novo Comité de Ética, onde se buscou a representación das áreas que

| | | | |
|--------------------------------------|---|----------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 1/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



máis o usan. Logo do nomeamento por parte do reitor, fixeron unha primeira reunión onde se elixiu o presidente que será o profesor José Antonio Seoane. O resto dos membros son Francisco Alonso Tajés (Ciencias da Saúde), Laura Cruz López (Ciencias da Educación), Federico Pomar Barbeito (Ciencias), M. Carolina Pereira Sáez (Dereito), Pablo Arias Rodríguez (Ciencias do Deporte) e Manuel Herrador Barrios (Enxeñaría).

Xornadas de centros de investigación. Coa axuda da Consellería de Educación e o CITIC os pasados días 15 e 16 deste mes de xuño celebramos unhas xornadas sobre centros de investigación. Contou con 3 mesas redondas que levarán asociadas 3 grupos de traballo. Participamos investigadores das 3 universidades galegas, representantes de centros de Madrid, Cataluña e País Vasco. Como resultado destas xornadas elaborouse un documento de boas prácticas que será remitido a Xunta e o resto dos grupos interesados.

Seminario “Oportunidades de Financiamento en Proxectos Colaborativos nas Convocatorias 2018 de H2020”: realizouse este seminario o pasado luns 26 de xuño, organizado pola OTRI, onde participaron expertos en H2020. A xornada ofreceu unha panorámica dos piares 2 – Liderado industrial e 3 – Retos sociais do Programa Cadro da Unión Europea para investigación e innovación, Horizonte 2020, a partir da revisión dos novos programas de traballo para o período 2018-2020, con especial atención ás prioridades temáticas para as convocatorias do ano 2018. A relatora principal foi a Dra. Marina Martínez, quen é persoal destacado do CDTI (Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial) na oficina desta entidade en Bruxelas (oficina SOST, Spanish Office for Science and Technology). Participaron tamén Octavio Pernas (OTRI) e Lluís Botifoll, consultor externo (Mon Progres)

Selo HR (Excellence in Research): Conseguíuse o selo europeo de contratación de recursos humanos en investigación, foi notificado este mes de xuño pola oficina europea. O selo HR promove a contratación de investigadores baseados no modelo OTM-R (Aberto, Transparente e baseado no Mérito). A UDC conta agora con este selo “Excelencia en Investigación de Recursos Humanos” (HR Excellence in Research) concedido pola Comisión Europea, que identifica as universidades e institucións que xeran e apoian a existencia dun entorno estimulante e favorable o traballo de investigación.

Programa InTalent: Publicouse a segunda convocatoria do programa InTalent, queremos agradecer a implicación de Inditex neste programa que está axudando a mellorar a contratación de investigadores de calidade internacional. A segunda convocatoria do Programa InTalent que ten como finalidade a contratación de dous novos investigadores posdoutorais, abriuse o martes 27 de xuño e pechará o vindeiro 20 de setembro de 2017. Pódese atopar toda a información sobre o programa, a convocatoria e o procedemento de solicitude na páxina web <http://www.intalent.udc.es>.

Resolucións provisionais das convocatorias Juan de la Cierva (JdC): mellores resultados (polo menos) que en ocasións anteriores. Temos 1 JdC-formación, 2 JdC-incorporación e un 1 Ramón y Cajal. Tamén comentar que a gañadora dunha InTalent na edición pasada, Elena Pazos, tamén obtivo unha JdC-incorporación. Pero xa nos informara sobre esta solicitude, aínda que pensa renunciar e quedarse co InTalent.

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 2/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



Reunión da CRUE en La Habana: Reunións con reitores cubanos onde se solicitou unha implicación maior entre universidades dos dous países coa participación do **secretario xeral**, Carlos Aymerich e do **vice-reitor de Política científica, Investigación e Transferencia**, Salvador Naya. Fixéronse distintos contactos que frutificaron na firma de convenios, en concreto un coa Universidade da Habana e outro coa UCI (Universidade de Computación Informática), esta última interesada en doutoramentos con cotutela entre profesores das dúas institucións. Outro dos acordos alcanzados en materia de formación foi a creación dunha escola hispano-cubana coa idea de fomentar a cooperación entre alumnos, docentes e persoal de administración e servizos das universidades. Igualmente, as delegacións de ambos países tamén valoraron as posibilidades de traballo entre grupos de investigación de España e Cuba, así como a participación conxunta en programas europeos como Horizonte 2020 e de mobilidade como Erasmus+ e dos doutorados industriais.

Intervén a continuación o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, para informar dos asuntos seguintes:

O día 06/06/2017 autorizouse a transformación en fixo dun contrato de colaborador logo de informe favorable da ACSUG no departamento de Ciencias da Saúde, área de coñecemento de Enfermaría-Terapia Ocupacional

O día 09/06/2017 autorizouse o mantemento de dous contratos de interinos de substitución contratados por baixa de ITA até finais de xullo co fin de atender correctamente as tarefas de avaliación final no departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, área de coñecemento de Socioloxía.

O día 09/06/2017 foi autorizada a prórroga dunha licenza dun ano sen retribución ao amparo do art. 86.4 dos Estatutos da UDC que contaba co informe favorable do departamento e do director da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos a un docente do Departamento de Matemáticas, área de Matemática Aplicada.

O día 16/06/2017 publicouse no DOG a Resolución do 7 de xuño de 2017 sobre a Oferta de Emprego Público do PDI do ano 2017, tras ser informada pola director xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia. Convócanse 28 prazas nas que non se inclúe reserva de Ramón y Cajal ao non viren contempladas no Real decreto-lei 6/2017 do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público nos ámbitos de persoal docente universitario e non universitario.

Con data 20/06/2017 comunicouse a todos os departamentos e a todo o PDI da universidade o resultado de aplicar o acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017 polo que se aprobaba o Regulamento de establecemento dos criterios para o desenvolvemento das OEPs do PDI da UDC.

Que a principios do mes de xullo, o profesorado contratado como interino de substitución que procedía dunha praza de axudante doutor ou do programa Parga Pondal, será contratado interinamente como Profesor Contratado Doutor ata a resolución das correspondentes prazas da OPE 2017, segundo establece o Acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015

| | | | |
|--------------------------------------|---|----------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShflzp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 3/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShflzp6MoIT2w== | | |



Con data 20/06/2017 foi publicada na Sede Electrónica a Convocatoria para establecer as áreas onde se convocarán as 7 prazas de CAT-UN e 7 prazas de TIT-UN incluídas na OEP 2017, en aplicación da disposición primeira da Regulamento do 27/04/2017 de desenvolvemento das OEPs

O día 22/06/2017 a ANECA/CNEAI remitiu unha relación con 55 sexenios concedidos ao profesorado dos corpos docentes, e a avaliación do profesorado contratado permanente, nos que se inclúen 26 informes favorables para outros tantos sexenios e 5 sexenios con informe de avaliación negativo.

De seguido toma a pala a vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente** que informa do seguinte:

Este ano, decidiuse destinar un total de 19.947 € para o financiamento de programas de doutoramento. O reparto das axudas por programa realizarase de acordo co seguinte criterio:

34%: financiamento fixo para cada programa (200 € por programa)

33%: reparto por programa proporcional ao número de doutorandos/as matriculados no curso 2016-2017.

33%: reparto por programa proporcional ao número de teses defendidas no programa desde a súa implantación.

Os custes que se poderán financiar son os seguintes: gastos de relatores/as invitados a participar en actividades formativas dirixidas ao estudiantado de doutoramento, gastos dos membros da CAPD para asistir a reunións de coordinación en programas interuniversitarios e gastos de difusión e publicidade do programa.

- O días 10 e 11 de xullo celebrarase na Facultade de Ciencias da Educación o curso de verán "Docentes conectad@s: o reto de educar na era dixital", organizado polo CUFIE. O prazo de matrícula aínda está aberto até o 5 de xullo.

- No mes de outubro celebraranse as II Xornadas de Innovación Docente. Desde o día 12 de xuño até o 21 de xullo estará aberto o prazo para a presentación de resumos.

De por parte, a **vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** deu conta dos asuntos seguintes:

Da publicación da Convocatoria de 124 bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudiantado na UDC, para o curso 2016/2017, e da Convocatoria de 50 bolsas propias de colaboración nos departamentos da UDC.

Da publicación da segunda resolución das axudas para el estudiantado da UDC en situación de dificultade económica.

O xurado seleccionou o proxecto de José Senande e Adrián Rodríguez como o mellor do centro YUZZ Universidade da Coruña, espazo en o que desde fai cinco meses os estudantes participantes recibiron formación, asesoramento e mentoring para o desenvolvemento dos

| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|--|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | | Páxina | 4/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | | |



seus modelos de negocio. O proxecto oSIGris é un software dirixido a bodegas con viñedos que permite ao usuario organizar e xestionar os seus viñas dun xeito máis cómodo e eficiente.

Finalmente, informou que a A Universidade da Coruña a través da Unidade de Divulgación Científica e Cultural participa no evento “Mensaxe nunha botella” que establece cinco rutas por España de botellas ecolóxicas cunha mensaxe no interior convidando a calquera persoa interesada en participar nun reto ambiental relacionado coa saúde dos océanos. As rutas darán comezo en acuarios e museos de diferentes puntos de España durante o mes de setembro.

A **vicereitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos temas que a seguir se relacionan:

Convocatorias publicadas:

- KA107 curso 17-18 (con cargo a proxecto 16-18) para estudantes e persoal. Países: Xeorxia, Armenia, Moldavia
- KA103 curso 17-18, SMT, prácticas
- KA103 curso 17-18, STA/STT, persoal

Publicación polo SEPIE da concesión dos proxectos de mobilidade Erasmus 2017-2019:

- KA103: total 1.074. 350,00 € , detallado da seguinte forma:
- SMS: 875.000 €
- SMP: 44.100 €
- STA: 20.850 €
- STT: 4.000 €
- OS: 130.400 €
- KA 107:

| PAÍS | ESTADO | Nº MOBILIDADES | GASTOS DE VIAXE | APOIO INDIVIDUAL | APOIO ORGANIZATIVO | TOTAL |
|-----------|-------------------|----------------|-----------------|------------------|--------------------|-------------|
| Albania | Rexeitado | 0 | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Argelia | Seleccionado | 15 | 4.125,00 € | 32.100,00 € | 5.250,00 € | 41.475,00 € |
| Armenia | Listaxe de agarda | 0 | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Camboya | Seleccionado | 8 | 8.800,00 € | 11.200,00 € | 2.800,00 € | 22.800,00 € |
| Georgia | Seleccionado | 14 | 11.480,00 € | 34.700,00 € | 4.900,00 € | 51.080,00 € |
| México | Listaxe de agarda | 0 | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Moldavia | Seleccionado | 16 | 5.760,00 € | 34.600,00 € | 5.600,00 € | 45.960,00 € |
| Palestina | Listaxe de agarda | 0 | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Túnez | Seleccionado | 18 | 4.950,00 € | 30.900,00 € | 6.300,00 € | 42.150,00 € |

| | | | | |
|--------------------------------------|---|--|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | | Páxina | 5/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | | |



O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou tamén ao Consello:

XESTION ECONÓMICA

Proposta de acordo entre a Consellaría de Educación e a UDC para acordo da sentenza

A UDC e a Xunta de Galicia asinaron un acordo polo que obriga a esta entidade ao pagamento de 4,2 millóns de euros a devolver en 3 anos (2018, 2019 e 2020) en compensación polo infrafinanciamento do PFSUG 2011-2015.

As taxas universitarias permanecerán un ano máis sen se experimentar ningún incremento. Deste xeito o SUG ofrece os prezos máis baixos de todo o Estado para cursar estudos universitario.

Incremento do 1% na masa salarial para este ano 2017 que se deberá facer efectivo unha vez se establezan as instrucións do pagamento dende a Consellaría de Facenda.

Manual de Xestión Orzamentaria

Continua a avanzar o grupo de traballo do manual de xestión orzamentaria. Está próximo a rematar o capítulo VI. Debido ao comezo da elaboración dos orzamentos, péchase neste momento o grupo de traballo do manual.

Auditoría dos datos para o cálculo do Fondo Estrutural

Aínda non recibimos información sobre o resultado da auditoría dos datos para o calculo do fondo estrutural.

Reparto de créditos para os grupos de investigación

Unha vez traspasados os fondos de investigación das extinguidas unidades departamentais ás novas, procedeuse ao reparto do 75% dos fondos de investigación aos grupos, unidades de investigación ou investigadores individuais.

Imputacións e validacións de expedientes de gasto

Imputacións:

- Informe V-014-17 de data 14.06.17 e importe 65.302,41€
- Total imputado: 65.342,41€

Validacións:

- Informe C-006-17 de data 23.06.17 e importe 114.345,27€
- Informe C-007-17 de data 23.06.17 e importe 691,07€
- Total validado: 115.036,34€

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 6/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



Informe de INFRAESTRUTURAS

- Residencia Universitaria. A Universidade xa está traballando no plan para o equipamento das habitacións e tamén das salas comúns. Cando se faga a reunión coa Deputación xa se informará do avance das obras.

Informe de SUSTENTABILIDADE

Presentouse un proxecto na Áreas da Educación e o Medio Ambiente á Fundación Alcoa para ser avaliados polo Comité de Responsabilidade Social Corporativa da mencionada empresa.

A **vice-reitora do campus de Ferrol e de Responsabilidade Social**, deu conta tamén ao Consello de diversos asuntos:

- Abertura da convocatoria para a residencia pública universitaria de Ferrol. Convócanse 22 prazas e mantéñense os prezos do curso pasado.
- Que dentro das actividades de proxección da universidade, mañá venres terá lugar no campus de Ferrol a segunda edición da xornada “Visitando xuntos o Campus”, na que os fillos, sobriños, netos e achegados ó PDI e PAS que traballamos no Campus de Ferrol veñen coñecer o campus. Os participantes son nenos e nenas de infantil e primaria.
- Entre o 5 e o 7 de xullo o Campus de Ferrol acollerá a vixésima edición do curso de pensamento Carlos Gurméndez. Este curso organízase de maneira conxunta entre a Universidade da Coruña e o Club de Prensa de Ferrol. Nesta ocasión o curso se desenvolve baixo o título “Un século de imaxes. Comunicación, arte e sociedade”.

Finalmente, o **xerente** trasladou ao Consello información sobre diversas cuestións:

Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017

Unha vez rematada a negociación coa representación do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, enviouse a solicitude de autorización da proposta de Oferta de Emprego Público para o ano 2017 á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda.

Esta proposta comprende a promoción interna das prazas do Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) e do persoal funcionarizado en 2015 (en cumprimento do acordado o 20 de novembro de 2015 entre as distintas organizacións sindicais e o reitorado da UDC para o ano 2017) e as 21 prazas correspondentes ao acceso libre (ás que se suman as xa previstas nas Ofertas de Emprego Público non desenvoltas dos anos 2015 e 2016, 4 prazas cada unha delas):

PROMOCIÓN INTERNA

| ESCALA | SUBESCALAS | Nº prazas | Nº total prazas | Grupo prom | Sistema xeral | Persoas con discapacidade xeral | Persoas con discapacidade intelectual |
|---------------------------------------|-------------------------------|-----------|-----------------|------------|---------------|---------------------------------|---------------------------------------|
| Escala técnica superior (subgrupo A1) | Arquitecto técnico | 2 | 17 | A1 | 16 | 1 | 0 |
| | Informática | 11 | | | | | |
| | Documentalista | 1 | | | | | |
| | Superior (Prevencción Riscos) | 2 | | | | | |
| | Secretario técnico SIC | 1 | | | | | |

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShflzp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 7/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShflzp6MoIT2w== | | |



| | | | | | | | |
|---|---------------------------|----|-----------|----|-----------|----------|----------|
| Escala técnica de grao medio (subgrupo A2) | Informática | 26 | 31 | A2 | 28 | 2 | 1 |
| | Medios audiovisuais | 2 | | | | | |
| | Secretario técnico (OTRI) | 1 | | | | | |
| | Deseño gráfico SIC | 1 | | | | | |
| | Grao medio (Xefe taller) | 1 | | | | | |
| Escala técnica de especialistas (subgrupo C1) | Conserxe | 1 | 2 | C1 | 2 | 0 | 0 |
| | Mantementos | 1 | | | | | |
| TOTAL PRAZAS | | | 50 | | 46 | 3 | 1 |

ACCESO LIBRE

| ESCALA | Subescala | Nº de prazas | Sistema xeral | Persoas con discapacidade xeral | Persoas con discapacidade e intelectual |
|--|--------------------------|--------------|---------------|---------------------------------|---|
| Escala técnica superior informática (A1) | | 1 | 1 | 0 | 0 |
| Escala técnica superior (A1)-procedente da OEP, acceso libre, do ano 2015 | Relacións internacionais | 1 | 1 | 0 | 0 |
| Escala técnica superior de calidade (A1) | | 1 | 1 | 0 | 0 |
| Escala técnica de grao medio (A2)-procedente da OEP, acceso libre, do ano 2015 | Relacións internacionais | 1 | 1 | 0 | 0 |
| Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña (A2)- procedente da OEP, acceso libre, do ano 2016 | | 1 | 1 | 0 | 0 |
| Escala administrativa (C1) | | 9 | 9 | 0 | 0 |
| Escala administrativa da Universidade da Coruña (C1)- procedente da OEP, acceso libre, do ano 2016 | | 3 | 2 | 1 | 0 |
| Escala técnica de servizos (C2) | | 10 | 9 | 1 | 0 |
| Escala técnica de servizos (E-AP)-procedente da OEP, acceso libre, do ano 2015 | Auxiliar de servizos | 2 | 1 | 0 | 1 |
| TOTAL | | 29 | 26 | 2 | 1 |

Límite masa salarial 2018

En canto se resolva a solicitude de autorización de OEP do PAS da UDC para o ano 2017, e tendo xa autorizada e publicada en DOG a OEP do PDI da UDC, concretarase no vindeiro mes de xullo a nosa proposta de límite máximo de masa salarial da UDC para a súa inclusión na lei de orzamentos da C. A. de Galicia para o ano 2018. Con esta finalidade xa se iniciaron nas correspondentes unidades administrativas as estimacións de capítulo I para o ano 2018.

Concurso traslados

Despois da publicación no DOG do día 17 de abril da convocatoria do concurso de traslados do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña no que se ofertaron 103 postos vacantes e de que rematase o prazo de presentación de solicitudes o día 9 de maio de 2017; publicouse

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 8/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



a relación provisoria de persoas admitidas (aproximadamente 230) coa información dos postos solicitados e de persoas excluídas (2 persoas), así como a composición da Comisión de Valoración do dito proceso de provisión.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 31 de maio de 2017

Aprobada sen modificación nin votos en contra.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en cinco convenios marco (5), once convenios específicos (11), e sesenta e un convenios para prácticas (61) e que son aprobados sen votos en contra.

4. Proposta de aprobación da modificación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado universitario (TFM)

Presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, que a xustificou como consecuencia da Normativa de Permanencia aprobada polo Consello Social.

Toma a palabra o profesor **Pérez Valcárcel** para solicitar que, por ausencia do profesor Fernando Agrasar, o punto se deixe para a seguinte reunión do Consello de Goberno.

Intervén o **reitor** para indicar que as normas de permanencia son competencia do Consello Social e que o Consello de Goberno apenas realizou unha proposta. Lembra que con independencia do que sinale agora a normativa a debate, as normas de permanencia terán de se cumprir na mesma. A respecto do escrito remitido polo director da ETSAC (que se xunta como **anexo IV**), di que este fai referencia a un problema concreto e puntual dese centro – o alumnado do plan “Boloña-1” – que debe ser resolto na propia escola sen condicionar a elaboración das normas xerais. Ademais, subliña que non é necesario que os graduados por Boloña 1 teñan de acabar Boloña 2, xa que os primeiros xa teñen as competencias plenas como arquitectos. É pois a ETSAC a que se ten que adaptar ás normas xerais e non ao revés. Lembrou que cando o Consello de Goberno aprobou a proposta de normas de permanencia que logo foi remitida ao Consello Social para a súa aprobación, o director da ETSAC, que estaba presente, non fixo ningunha obxección.

A seguir toma a palabra a alumna **Andrea Ogando** para demandar ao Consello de Goberno un cambio na normativa a debate xa que o Boloña 1 é un grao que vai ficar extinto e é preciso atender aos problemas específicos da ETSAC como, por exemplo, que o TFG sexa de 30 ECTS. Ao seu ver, a proposta fará que douscentos alumnos vaian perder 400€ ao teren que pagar, en matrícula adiantada, un proxecto de TFG que non van poder realizar. Pide tamén que o tratamento do asunto se pospoña para unha reunión posterior coa presenza do director da ETSAC.

Intervén de novo o profesor **Pérez Valcárcel** para dicir que a problemas excepcionais, solucións excepcionais e lamentar que a UDC queira facer caixa con este asunto.

| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShflzp6MoIT2w== | | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|--|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | | Páxina | 9/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShflzp6MoIT2w== | | | |



O **reitor** contéstalle que a UDC vén de realizar unha anulación masiva de matrículas na ETSAC para que o alumnado non se vexa prexudicado pola deficiente xestión do centro, recriminando ao profesor **Pérez Valcárcel** a súa afirmación anterior. **Pérez Valcárcel** rectifica: segundo el, non falou de “facer caixa” senón de “apariencia de facer caixa”. Prosegue o **reitor** indicando que en Europa non hai Boloña 1 e Boloña 2. Que o que se pide é formación de mestrado, isto é, 300 ECTS ou MECES 3, con independencia de cal for o nome do título. Por iso as escolas de arquitectura españolas fixeron en 2003 un cambio de ordenación para crear un mestrado que concentrase as competencias profesionais e, de aí veñen os problemas. Lembra que os médicos son graduados (MECES-3) e non cursan mestrado ningún como, de resto, acontece na maioría dos países da UE. Mesmo no caso de arquitectura, algunhas universidades españolas seguen a manter o grao con plenas competencias profesionais. Por iso, segue, o cambio de Boloña-1 a Boloña-2 é un cambio decidido pola ETSAC. Referíndose xa a proposta en debate, esclarece que o que esta normativa establece é que non se terá en conta o número de convocatorias, pasándose dun máximo de catro a convocatorias ilimitadas. Descoñece, pois, onde está o problema. Conclúe afirmando que, ao seu ver, a solución aos problemas do estudiantado de arquitectura pasa por un funcionamento e organización diferente da dirección do centro. E é a ela a quen se deben dirixir os estudantes na demanda de solucións.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, pola súa parte, sinala que se está a discutir unha norma de permanencia que xa foi aprobada. Os casos particulares xa foron discutidos e solucionados daquela. A lo menos os que dependían da Reitoría. No escrito do director da ETSAC, acrecenta, fálase de eliminar o parágrafo segundo da alínea segunda do artigo 19 que, segundo el, provoca un grave dano ao alumnado desa escola. Alén de ser unha redacción obrigada polas normas de permanencia, non se alcanza a ver onde está o problema.

Toma outra vez a palabra **Pérez Valcárcel** para dicir que dado que a Reitoría está en modo “solo”, formula voto particular a este punto e máis tamén ao seguinte.

Andrea Ogando, tras indicar que hai un ano ela non formaba parte do Consello de Goberno, admite que non se trata dun problema novo. O que acontece, ao seu xuízo, é que como a ETSAC é un centro diferente, non se lle fai caso. Sobre Boloña-1, Boloña-2 e as súas conexións co TFG, afirma que se trata dun problema da dirección da ETSAC e non provocado polos estudantes. Solicita un tratamento excepcional para a ETSAC.

O **reitor** intervén novamente para indicar que a Reitoría analiza todas as propostas dos centros, desde que sexan razoables e legais. Non nega que a ETSAC sexa un centro diferente, mais lembra que todos os centros da UDC teñen as súas particularidades. De feito, elimínase o límite de 78 créditos para o subir a 90, pensando precisamente no alumnado da ETSAC. Alén do máis, engadiu, non se trata de procurar culpables senón de atopar solucións. Por iso se lle recomendou á escola que acordase unha organización diferente dos estudos (reparto das materias entre cuatrimestres). E búscanse solucións malia se admitiren graos de dedicación do profesorado aos TFG sen parangón no resto do Estado. De feito, ao único ao que se refire o artigo 19 da proposta é á eliminación da esixencia de que ao alumnado tivese que ter aprobado todo 1º e todo 2º para poderse matricular no TFG. O demais segue na mesma.

Andrea Ogando di que se falamos de dous graos con diferentes créditos, o cambio non se dá entre materias. Canto ás excepcións co TFG di que os alumnos teñen que facer até tres

| | | | |
|--------------------------------------|---|----------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 10/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



matrículas, e que iso non é barato. A razón é que os profesores non teñen tempo de corrixir todos os traballos.

Contesta o **reitor** sinalando que algunha convocatoria establecía o segundo cuadrimestre para defender o TFG, e mesmo así o centro poñía actividades obrigatorias para ese segundo cuadrimestre no canto de as pór no primeiro, tal e como propuxera a Reitoría. E, por certo, estamos a falar de 30 créditos en dous cuadrimestres, cando debería bastar só un. O ano próximo, concluíu, o problema vaise resolver de vez porque, finalmente, a dirección da ETSAC aceptou colocar as actividades obrigatorias no primeiro cuadrimestre.

A profesora **Lorenzo Modia** indica que todos os centros son diferentes. Que a ETSAC ten moito prestixio mais que, ao cabo, o único cambio que introduce a normativa proposta é substituír “convocatoria” por “oportunidade”. Xa que logo, os problemas que se denuncian non dependen desta normativa senón da organización interna do centro.

O profesor **Canle** indica que tanto a normativa estatal como a europea (Directiva 2005/36/CE) só aluden ao número de créditos da titulación para a clasificar como MECES-3. Solicita que, dado que todos os centros son diferentes, as cuestións internas se resolven no ámbito interno de cada centro.

O profesor **Calvo Silvosa** advirte que sería conveniente que o Xescampus se adapte a esta nova normativa.

Sometida a votación, a proposta, que figura como **anexo V** foi aprobada por 21 votos a favor e 5 en contra, entre eles o do profesor Pérez Valcárcel que adopta o escrito de Fernando Agrasar como explicación do seu voto.

5. Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario

Presentada a proposta pola vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, foi aprobada co mesmo resultado da votación do punto anterior, segundo figura no **anexo VI**.

6. Proposta de modificación do Regulamento marco de departamentos

A proposta foi presentada polo **secretario xeral**.

Toma a palabra a profesora **López Fernández** que propón unha flexibilización da alínea primeira do artigo 14, por considerar que a situación que se dá neste momento en moitas áreas recomenda eliminar a esixencia de que os tres membros necesarios teñan de ser PDI permanente a tempo completo. Expón que no caso do Departamento de Letras tomouse en conta a redacción anterior do Regulamento Marco.

A proposta, que figura como **anexo VII** apróbase sen votos en contra coa engádegua proposta pola profesora **López Fernández**.

7. Proposta de aprobación de seccións departamentais

O **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** propón que se aprobe a constitución das seccións do Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 11/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



ben como a Sección de Románica, no Departamento de Letras, desestimando as demais solicitudes. Esclarece, diante dunha pregunta do secretario xeral, que os bolseiros predoutorais non poden computar a eses efectos.

Intervén o **reitor** para expresar o compromiso de que cando as seccións deixen de cumprir os requisitos que xustificaron a súa constitución deixen tamén de funcionar como tal.

O profesor **Canle** pregunta se se contempla a posibilidade de que nun momento determinado haxa profesores substitutos. O reitor indica que ao substituíren a outro, o cómputo non variaría.

A profesora **López Fernández** reitera que o problema veu dado pola redacción inicial do Regulamento Marco e que, en calquera caso, a diferenza entre área e sección é puramente nominal.

A profesora **Souto Camba** apunta que o regulamento interno de cada departamento deberá regular o funcionamento das seccións.

O **reitor** lembra que o Regulamento Marco non impón a creación de seccións, só contempla e regula esa posibilidade e que, en todo caso, a coordinación das seccións é un cargo de coordinación académica e non de xestión.

O profesor **Pérez Valcárcel** manifesta o seu desacordo coa negativa á constitución de seccións departamentais.

O **secretario xeral** lembra que os únicos criterios que se poden tomar en conta son os de área de coñecemento e de campus.

A proposta, que figura como **anexo VIII**, foi aprobada co voto en contra do profesor **Pérez Valcárcel**.

8. Proposta de remisión ao Consello Social de asignación de complementos retributivos á labor docente e á labor investigadora

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta que figura como **anexo IX** da presente acta, foi aprobada sen votos en contra.

9. Creación do Centro de Investigación en Filosofía da Ciencia

Presentada pola **vice-reitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social**.

O profesor **Canle** pregunta se se trata dun novo tipo de órgano. A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** responde que non, que xa hai un similar: o Centro de Estudos Feministas e de Xénero.

A proposta apróbase sen votos en contra, segundo figura no **anexo X**.

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | Páxina | 12/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | |



10. Representación do Consello de Goberno no Padroado da FUAC

A proposta, presentada polo secretario xeral, propón a substitución de Margarita Amor López por D. José María Barja Pérez como membro do Padroado da FUAC, é aprobada sen votos en contra.

11. Quenda aberta de intervencións

Intervén o profesor **Pérez Valcárcel** para se interesar por un anuncio de licitación publicado no DOG, con orzamento de 150.000€ para a adquisición dunha licenza de uso de ORACLE.

O profesor **Luís Hervella** solicita que se mellore a calidade da wi-fi no edificio da Reitoría.

A estudante **Zaida García** quere facer constar que a queixa da ETSAC refírese á eliminación das excepcións que impedían ao alumnado de arquitectura matricularse no TFG.

O **reitor** esclarece que a adquisición da licenza de software propietario obedece a que o programa SOROLLA-Universitas21 funciona sobre ORACLE e que se está a cambiar a wi-fi en toda a universidade.

Finalmente, Zaida García como alumna representante de terceiro ciclo, solicita unha reunión coa vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e co vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:35 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso

| Código Seguro De Verificación | 118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|--|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso | | Asinado | 13/09/2017 11:38:43 |
| Observacións | | | Páxina | 13/13 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/118FL7PuHShf1zp6MoIT2w== | | | |

